

Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024)

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024)

ANTECEDENTES

Tras oito anos nos que o anterior goberno provincial deixou de convocar as liñas de axudas económicas de acción comunitaria, logo da constitución da nova Corporación, o grupo de Goberno Provincial pretende corrixir esta situación e volver a retomar o seu apoio económico aos movementos asociativos veciñais, entre os que se inclúen as asociacións de veciños e de mulleres rurais.

A esta decisión contribúe o feito de ter constatado a forte implantación destas entidades na provincia e a necesidade de potenciar a acción de fomento neste eido, xa que tras oito anos nos que o anterior goberno descartou o fomento deste tipo de axudas, existe unha demanda moi importante de necesidades de investimento por parte destas entidades. Así se constata ao analizar a significativa presentación de solicitudes en liñas de axuda doutras administracións, nas que resulta patente que a provincia de Pontevedra é a que maior número de solicitudes presenta e tamén na que máis número de solicitudes quedan sen financiamento por mor das limitacións orzamentarias.

Ademais, nesta nova etapa, esta liña de acción pretende ser un instrumento para impulsar a cohesión territorial, a sostibilidade ambiental e a habitabilidade humana, desde un enfoque centrado, por primeira vez, nos obxectivos do reto demográfico. Por elo preténdese non só recuperar os programas de acción comunitaria, senón tamén impulsalos e fortalecelos renovando e modernizando o seu enfoque e centrándoo nas persoas, de maneira que se aliñen cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, co Acordo de París sobre cambio climático ou coa Nova Axenda Urbana. Para este fin, defínense desde unha perspectiva de integración social, de modo que a acción institucional se centra en comunidades veciñais e espazos que son usualmente máis afectados pola desigualdade territorial: pequenas comunidades e áreas rurais; é dicir, que se pon o acento na necesaria vertebración do territorio e a xeración de sinerxías positivas principalmente nos ámbitos rurais e implicando directamente á propia veciñanza na



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

construción do seu propio modelo de vida con parámetros de calidade, sostibilidade e equidade na prestación de servizos.

Con tal fin, a Deputación vese na obriga de cubrir as necesidades das entidades veciñais e comunitarias activando unha liña de axudas a través do Plan Provincia Comunitaria 2024, para asociacións de veciños e de mulleres rurais, cos seguintes obxectivos xerais:

- a) A mellora do medio rural e barriadas urbanas mediante un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, que permita ós seus habitantes unhas adecuadas condicións de vida
- b) O desenvolvemento das propias asociacións co obxecto de aumentar a súa capacidade de xestión e resolución de problemas, fomentar a súa participación nos distintos ámbitos de actuación e propiciar a súa sustentabilidade
- c) Contribuír á mellora da calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo e o desenvolvemento comunitario
- d) Mellorar as infraestruturas e equipamentos comunitarios para facilitar a autoxestión das asociacións, favorecendo a transformación social do territorio de xeito integrador e colaborativo
- e) Contribuír á implantación homoxénea en todo o territorio provincial de servizos comunitarios básicos que redunden na mellora da calidade de vida da veciñanza.

De forma complementaria, esta liña de acción créase con un enfoque centrado tamén nos principios e obxectivos do reto demográfico, de xeito que contribúan a:

- Impulsar a vertebración do territorio, garantindo o equilibrio e a cohesión territorial, desde o punto de vista da funcionalidade e a ampliación das posibilidades vitais para a poboación
- Garantir a igualdade no acceso a servizos e oportunidade
- Favorecer a funcionalidade territorial
- Reducir a vulnerabilidade socio-territorial
- Mellorar a relación e interaccións entre o medio urbano e rural
- Incorporar fórmulas novas, innovadoras e transformadoras para activar as oportunidades no territorio
- Perfeccionar os mecanismos de gobernanza multinivel e multiactor

INTRODUCCIÓN

A importancia do tecido asociativo, como instrumento de integración na sociedade e de participación nos asuntos públicos é un feito recoñecido tanto constitucional como legalmente. Así, resulta patente que as asociacións desempeñan un papel fundamental nos diversos ámbitos da actividade social, contribuíndo a un exercicio activo da cidadanía e á consolidación dunha democracia avanzada, representando os intereses dos cidadáns ante os poderes públicos e desenvolvendo unha función esencial e imprescindible, entre outras, nas políticas de



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

desenvolvemento, medio ambiente, promoción dos dereitos humanos, xuventude, saúde pública, cultura, creación de emprego e outras de similar natureza, para o cal as leis contemplan o outorgamento de axudas e subvencións por parte das diferentes administracións públicas conforme ao marco legal e regulamentario de carácter xeral que as prevé, e ao específico que se estableceza.

Esta acción de fomento, que serve ademais como instrumento dinamizador da realización de actividades de interese xeral, o que redundará decisivamente en beneficio da colectividade, realizarase na medida en que o permitan os recursos presupostados, de maneira que, segundo o disposto no artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, permítese subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

Amais, a Lei de Administración local de Galicia (5/1997, de 22 de xullo) habilita nos seus artigos 255 e 256 ás asociacións de veciños para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, sendo os concellos quen especificamente favorecerán o desenvolvemento daquelas que se constituían. Nesa mesma liña, o artigo 72 da lei de bases (LRBRL) establece que as corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilítanlles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsan a súa participación na xestión da Corporación nos termos do número 2 do artigo 69. A tales efectos poden ser declaradas de utilidade pública.

Por outra parte, o artigo 15 da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, dispón que as administracións públicas de Galicia promoverán a participación do terceiro sector social nas accións de impulso demográfico para fortalecer o recoñecemento e o exercicio efectivo dos dereitos sociais, mellorar o coñecemento e a cobertura das necesidades da poboación máis vulnerable e avanzar nunha sociedade cohesionada e inclusiva. E no artigo 18 establece que o sector público autonómico incorporará nas bases reguladoras das axudas e subvencións requisitos dirixidos a promover a implicación dos diferentes axentes na sustentabilidade demográfica e na cohesión territorial de Galicia, de modo que se favoreza, entre outras, a permanencia das persoas no lugar de residencia habitual ou a conciliación corresponsable.

A nivel competencial, o artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón que, os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. E no 25.2, atribúelles competencias concretas en materias que se relacionan directamente cos fins que perseguen as asociacións veciñais, como a promoción de instalacións de ocupación do tempo libre, promoción de equipamentos culturais e outras.

Pola súa parte, o artigo 31.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social; no artigo 36.1.b) dispón



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

que é competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; e no artigo 36.1.d) atribúelle ás deputacións a competencia en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Por tanto, tendo en conta as limitacións orzamentarias dos municipios, a necesidade de dar un tratamento uniforme ás entidades de todo o territorio provincial e a forte implantación na provincia de Pontevedra do asociacionismo veciñal, con máis de mil asociacións inscritas no rexistro público autonómico con ese carácter, a Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, pretende potenciar o seu papel na sociedade, destinando importantes recursos á actividade de fomento, mediante a concesión ás asociacións veciñais da provincia de axudas económicas orientadas á promoción de investimentos e equipamentos para os inmobles e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

PRIMEIRA. OBXECTO E FINALIDADE; ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES.

1.1 Constitúe o obxecto destas bases a ordenación do procedemento aplicable para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024), para sufragar os gastos derivados de investimentos realizados polas asociacións da provincia de Pontevedra que reúnan os requisitos para ser entidades beneficiarias, e convocar estas subvencións para o ano 2024.

1.2 A finalidade das axudas é a de mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal e a cohesión social, mediante a promoción de investimentos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

1.3 Actuacións subvencionables:

Serán subvencionables os gastos derivados de investimentos e equipamentos, todos eles orientados ao cumprimento dos fins das entidades solicitantes e ó seu funcionamento ordinario, cuxa execución se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2024 ata o fin do prazo de execución regulado nestas bases, e sempre que estean destinados a algunha das seguintes intervencións:

1. EXECUCIÓN DE OBRAS.

Gastos derivados de investimentos en inmobles ou terreos de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por convenio ou por calquera outro título



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

válido en dereito cunha duración mínima de 5 anos, a contar desde a finalización do prazo para a presentación de solicitudes ao abeiro desta convocatoria, consistentes en:

- Obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais sociais en que a entidade veciñal desenvolva a súa actividade
- Obras de acondicionamento, reforma e ampliación noutras infraestruturas, equipamentos e espazos en que a entidade veciñal desenvolva a súa actividade
- Obras de novas infraestruturas, equipamentos e espazos que se vaian destinar ao cumprimento dos fins da entidade veciñal

2. ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS.

Gastos derivados de equipamentos necesarios para o funcionamento da entidade solicitante, consistentes en:

- Adquisición de equipamento e mobiliario básicos para os locais sociais ou outros inmobles nos que se desenvolva a actividade, que resulten necesarios para o funcionamento ordinario da entidade, integrado por mobiliario, equipamentos de oficina, equipamento informático ou equipamento acústico e audiovisual.
- Adquisición doutro equipamento ou mobiliario necesario para o funcionamento e posta en marcha de actividades específicas da entidade veciñal.

En calquera caso, só serán subvencionables as actuacións operativas, é dicir, aquelas que conteñan os elementos necesarios para acadar a finalidade para a cal foron deseñadas.

Todos os gastos deberán corresponderse con actuacións realizadas dentro do prazo de execución establecido nestas bases.

Non serán subvencionables os gastos correntes das entidades, tales como material funxible, luz, auga, teléfono, alugueiros de locais e similares, nin tampouco vehículos e teléfonos móbiles, nin bens de alta gama que non xustifiquen expresamente a súa utilización preferente sobre outros dispoñibles no mercado.

Para o caso dos investimentos, non serán subvencionables os gastos sobre actuacións en novas infraestruturas e equipamentos ou sobre os xa existentes cando non se dispoña da titularidade ou dun dereito de uso cunha duración mínima de cinco anos que as ampare.

Os gastos notariais e rexistrais, así como os de redacción de memoria ou proxecto serán subvencionables se están directamente relacionados co investimento subvencionado e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

O importe subvencionable non poderá ser superior ao valor de mercado. Para estes efectos, os importes máximos subvencionables das operacións establecidas calcularanse tomando como referencia as tarifas vixentes ao momento da solicitude para o Seaga, que estarán publicadas no enlace <http://www.epseaga.com/?q=gl/node/8> e na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, agader.xunta.gal, en formato .bc3.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

As unidades de obra manterán todos os elementos unitarios que as conforman nas tarifas Seaga (man de obra, materiais, maquinaria, medios auxiliares, etc.), tendo en conta que:

- Non se poden modificar as cantidades necesarias nin os rendementos dos elementos que compoñen a unidade de obra.

Soamente se poderán modificar os prezos dos elementos unitarios referidos anteriormente, sempre e cando o prezo da unidade de obra non supere ao das citadas tarifas.

Todas as unidades de obra que non respecten o establecido nos parágrafos anteriores serán consideradas como non subvencionables.

En ningún caso o importe unitario máximo subvencionable poderá ser superior ao valor dos prezos unitarios máximos indicados no punto anterior, nin se admitirán gastos que non garden unha relación directa coa actividade subvencionable. No caso de non atoparse referencias para unidades concretas, terase en conta o valor de mercado que comprobaran os servizos técnicos provinciais.

A entidade solicitante deberá xustificar adecuadamente que a actuación está amparada polos correspondentes permisos, autorizacións ou licenzas, que se corresponde con algunha das actuacións subvencionables e que se realiza integramente no territorio provincial, para o cal a Deputación solicitará cantos documentos e aclaracións considere pertinentes. De non considerarse suficientemente acreditado o cumprimento desta circunstancia, a Deputación poderá desestimar a solicitude, previa resolución motivada por parte do órgano competente.

SEGUNDA. NATUREZA XURÍDICA.

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e do artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS), as axudas que se arbitren a favor das entidades beneficiarias no marco desta liña de axudas, para o programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024), terán o carácter de subvencións e rexeranse pola seguinte normativa:

- Lei xeral de subvencións, nos artigos de carácter básico e na súa normativa tamén básica de desenvolvemento
- Lei de subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento
- Artigos non básicos da LXS e normativa de desenvolvemento
- Lexislación de réxime local estatal e autonómica
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra
- Bases de execución do orzamento, sobre todo nos aspectos orzamentario e contable
- Convocatoria e bases reguladoras destas
- Actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HR3KBDY9D529WTY6



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

TERCEIRA. APROBACIÓN DAS BASES.

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2024 e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

CUARTA. ENTIDADES BENEFICIARIAS.

1. Poderán solicitar as axudas reguladas nestas bases as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra que estean legalmente constituídas e debidamente inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia (central ou provincial). As entidades deberán conter na súa denominación a identificación como asociación de veciños, federación, confederación ou unión de asociacións de veciños ou como asociación de mulleres rurais, segundo o caso.

2. Para obterem a condición de beneficiarias, as asociacións deberán cumprir, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:

- Ter domicilio social na provincia de Pontevedra
- Estar legalmente constituídas e debidamente inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia (central ou provincial) con anterioridade á data na que finalice o prazo de solicitudes
- No caso de execución de obras, ter a titularidade ou o dereito de uso cunha duración mínima de cinco anos (a contar desde a data fin de presentación de solicitudes ao abeiro da presente convocatoria) sobre os terreos ou inmobles sobre os que se vaia realizar as actuacións subvencionables, sitios na provincia de Pontevedra
- Cumprir os requisitos recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, de subvencións
- Estar ao día nas obrigas que lles sexan de aplicación coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e a Deputación de Pontevedra

3. Ningunha entidade poderá presentar máis dunha solicitude ao abeiro desta convocatoria de axudas, aínda que se refira a actuacións distintas. O incumprimento deste punto dará lugar á inadmisión das solicitudes presentadas en segundo lugar ou sucesivo lugar.

QUINTA. FINANCIAMENTO.

A contía desta convocatoria de axudas ascende a un millón (1.000.000,00 €) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2024, imputable contra a aplicación orzamentaria 2024/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.

A contía inicial máxima poderá ampliarse como consecuencia da existencia de remanentes na convocatoria correspondente co Programa de axudas a comunidades de usuarios de



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

auga da Deputación de Pontevedra (+AQUA 2024), financiado con cargo ás aplicacións 2024/942.4590.789.07 e 2024/942.4590.489.07.

O incremento de crédito condicionase a existencia de crédito dispoñible como consecuencia da circunstancia referida e aprobación, no seu caso, da modificación orzamentaria correspondente.

O órgano concedente deberá publicar a ampliación de crédito nos mesmos medios que a convocatoria sen que dita publicidade implique a apertura de prazo para presentación de novas solicitudes nin inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

No caso de que o importe destinado a esta convocatoria non se esgotase no momento da concesión, o crédito declarado dispoñible poderase empregar, de xeito adicional, para a concesión doutras subvencións a solicitudes en lista de agarda do Programa de axudas a comunidades de usuarios de auga da Deputación de Pontevedra (+AQUA 2024).

De seguir existindo crédito dispoñible, a deputación poderá acordar a apertura de sucesivas convocatorias ata o esgotamento final do crédito.

SEXTA. CRITERIOS DE CONCESIÓN E CONTÍA DAS SUBVENCIONS.

6.1. As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia competitiva, de acordo cos principios establecidos no artigo 8.3 da Lei 38/02003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A axuda económica que se conceda poderá abarcar a totalidade do investimento solicitado cun máximo de DEZ MIL (10.000,00 €) euros e un mínimo de SEIS MIL (6.000,00 €) euros por entidade beneficiaria. Unicamente se concederá unha axuda por entidade.

Aplicaranse os seguintes criterios e baremos para a valoración das solicitudes, que poderán obter un máximo de 80 puntos:

a) Pola xustificación da necesidade e adecuación dos obxectivos que se pretenden conseguir, en función da valoración dos seguintes aspectos: calidade, eficiencia, impacto territorial e porcentaxe de cofinanciamento. Valorarase, sobre o contido dunha memoria explicativa e o orzamento que deberán achegarse para a súa valoración, do seguinte xeito (ata 35 puntos):

1. Calidade da memoria.— por conter todos os apartados enumerados a continuación e describirse de forma detallada, completa e clara de forma que se aprecien claramente os requisitos e aspectos a valorar (ata 19 puntos):

- Por conter o detalle do orzamento correctamente desagregado con indicación de todos os prezos unitarios comparados sobre as tarifas de referencia vixentes do SEAGA (no caso de conter só referencias comparativas parciais ou incompletas, ou non xustificar a súa inexistencia, a puntuación será de 3 puntos): 10 puntos
- Por conter a descrición detallada da situación de partida, da intervención a desenvolver e dos obxectivos que se pretenden acadar (no caso de conter descrições parciais ou incompletas a puntuación será de 1 punto): 3 puntos



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

- Por conter unha reportaxe fotográfica da situación de partida, mapas e planos de situación e dos investimentos a realizar (no caso de conter parcialmente a documentación ou ser incompleta a puntuación será de 1 punto): 3 puntos
 - Por conter a descrición detallada de todos os aspectos a valorar no apartado a) de forma ordenada e clara: 3 puntos
2. Mellora da eficiencia: ata 10 puntos
- Por xustificar o impacto positivo en materia de economía circular e eficiencia enerxética: 4 puntos
 - Por xustificar a implantación de medios dixitais que contribúan á redución da fenda dixital en zonas rurais: 4 puntos
 - Por xustificar outro tipo de aforros a curto, medio e longo prazo de consumos, tempos de xestión, económicos e outros indicadores de mellora: 2 puntos
3. Impacto territorial no cumprimento dos obxectivos de reto demográfico.— en función do índice de envellecemento da poboación do concello onde ten o domicilio social a entidade solicitante, de conformidade aos datos publicados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico no seguinte enlace (ata 3 puntos): https://public.tableau.com/app/profile/reto.demografico/viz/SistemaIntegradodeDatosMunicipales/B1_Demografico_Provincial
- Índice de envellecemento da poboación >300: 3 puntos
 - Índice de envellecemento da poboación de 200 a <300: 2 puntos
 - Índice de envellecemento da poboación de 100 a <200: 1 punto
 - Índice de envellecemento da poboación <100: 0 puntos
4. Porcentaxe de cofinanciamento das actuacións: en función da porcentaxe de cofinanciamento pola propia entidade solicitante sobre o orzamento total das actuacións subvencionables: ata 3 puntos:
- Por cofinanciar máis dun 20%: 3 puntos
 - Por cofinanciar ata un 20%: 2 puntos
 - Por cofinanciar ata un 10%: 1 punto
- b) Pola tipoloxía da actuación, de xeito acumulativo ata un máximo de 30 puntos:
1. Obras de mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas: 4 puntos
 2. Obras de mellora e reparación da estrutura e da cuberta do edificio: 4 puntos
 3. Obras sobre fachadas, instalación ou cambio de ventanas, paramentos interiores, pavimentos ou teitos: 4 puntos
 4. Adquisición de equipamentos dos locais, necesarios para o funcionamento ordinario da entidade, integrado por mobiliario básico e equipamentos de oficina: 4 puntos
 5. Adquisición de equipamento informático: 4 puntos
 6. Obras en instalacións de fontanería, saneamento, electricidade ou calefacción: 3 puntos



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

7. Adquisición de equipamento acústico ou audiovisual: 3 puntos
8. Obras nos elementos complementarios asociados á infraestrutura do inmovible ou que impliquen outro tipo de melloras: 2 puntos
9. Adquisición doutro equipamento ou mobiliario para actividades específicas, que non teñan carácter básico: 2 puntos

Non se puntuarán as actuacións que teñan un encaixe residual, non significativo, en calquera das tipoloxías enumeradas, o que deberá xustificarse polos servizos técnicos provinciais e a Comisión de Avaliación. A estes efectos consideraranse como non significativas aquelas actuacións que non alcancen o 10% do valor total do orzamento presentado.

c) Pola representatividade da entidade solicitante, en función do número de persoas asociadas, acreditado mediante certificación emitida pola persoa secretaria da entidade actualizada con data comprendida como máximo desde os tres meses anteriores á data de apertura da convocatoria (ata 10 puntos):

1. Máis de 200 membros: 10 puntos
2. Entre 151 e 200 membros: 8 puntos
3. Entre 101 e 150 membros: 6 puntos
4. Entre 51 e 100 membros: 4 puntos
5. Entre 10 e 51 membros: 3 puntos
6. Entre 5 e 10 membros: 2 puntos
7. Menos de 5 membros: 1 punto

d) Pola corresponsabilidade financeira, entendida como as achegas realizadas polos membros da asociación, que se acreditará coa certificación do secretario da entidade das cotas, xustificantes dos ingresos da última anualidade vencida ou documentos análogos que permitan a comprobación, puntuarase do seguinte xeito (no caso de existir cotas de diferente importe por comuneiro, considerarase a media ponderada), ata 5 puntos:

1. Cota de máis de 81 euros ao ano: 5 puntos
2. Cota de entre 51 e 80 euros ao ano: 4 puntos
3. Cota de entre 26 e 50 euros ao ano: 3 puntos
4. Cota de entre 11 e 25 euros ao ano: 2 puntos
5. Cota de menos de 10 euros ao ano: 1 punto

As subvencións para cada actuación poderán alcanzar ata o 100% do orzamento, tendo en conta que a axuda non poderá superar o importe máximo asignado ao orzamento na solicitude. En todo caso, a entidade beneficiaria terá a obriga de asumir o cofinanciamento pola parte que exceda o importe da axuda.

As actuacións e os investimentos subvencionables han de constituír o ámbito material de competencias das entidades beneficiarias que, se o consideran oportuno, poderán asignar recursos orzamentarios propios á mesma finalidade.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

6.2. *Quedarán excluídas aquelas solicitudes que incumpran os requisitos e condicionantes establecidos nestas bases e demais normativa aplicable en materia de subvencións.*

O cumprimento destas circunstancias acreditarase mediante a achega da documentación necesaria correspondente, segundo o caso, e deberá estar referido, a máis tardar, con respecto á data de finalización do prazo de presentación de solicitude. A Deputación resérvase a potestade de requirir as aclaracións necesarias naqueles casos que non permitan dilucidar con claridade o seu cumprimento.

CAPÍTULO II. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN.

SÉTIMA. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN.

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios

2. A instrución do procedemento de concesión comprenderá as seguintes actividades ou fases:

- a) Unha vez presentadas as solicitudes, realizarase o seu estudo e comprobación por parte do servizo instrutor e solicitaranse as emendas que procedan, que deberán presentarse no prazo de 10 días hábiles.
- b) Petición de informes: o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais sobre os proxectos presentados e que cumpren os criterios que se deben ter en conta segundo estas bases.
- c) Informe-proposta da xefa do Servizo de Cooperación, no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Para a última solicitude que obteña subvención, o importe subvencionable será igual á cantidade restante ata o esgotamento do crédito, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía unha subvención polo importe restante non subvencionado, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda. En casos de empate, terán preferencia aquelas que obteñan maior puntuación no criterio de valoración que conste en primeiro lugar, pola orde establecida nestas bases. De persistir o empate, atenderase á data e hora de presentación da solicitude de subvención. No suposto de que o número total de solicitudes presentadas supoña un importe a subvencionar total que non exceda o importe máximo consignado para este programa, non será necesario proceder á



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

valoración das solicitudes, sendo unicamente procedente a verificación do cumprimento dos requisitos xerais de subvencionabilidade establecidos nestas bases.

- d) Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.
- e) Estudo do informe-proposta por parte da Comisión de Avaliación, da que a secretaria ou secretario redactará a acta. A Comisión de Avaliación estará formada polos seguintes membros ou as persoas que se designen como os seus suplentes:

Presidencia:

- O deputado delegado de Acción Comunitaria

Vogais:

- Unha técnica ou técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios
- Unha técnica ou técnico do Servizo de Arquitectura
- Unha técnica ou técnico do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais
- Unha técnica ou técnico da Intervención Provincial

Secretaria ou secretario:

- Unha técnica ou técnico do Servizo de Cooperación, funcionaria ou funcionario de carreira con titulación superior

- f) Proposta de resolución definitiva, que se elevará ao órgano competente para a súa aprobación.
- g) Resolución do órgano competente, de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras, na que se deberán acreditar os fundamentos da resolución que se adopte. O prazo máximo para notificar e resolver non poderá exceder os 6 meses. O prazo computarase a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar os potenciais beneficiarios lexitímaos para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.

3. A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito a favor do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión. Unha vez notificada a resolución de concesión, entenderase aceptada polas entidades beneficiarias salvo que estas a rexeiten expresamente.

4. As solicitudes que conteñan toda a documentación válida para a concesión das subvencións pero que non obteñan subvención por esgotarse o crédito dispoñible para este programa, quedarán en lista de agarda e poderán obter financiamento segundo o disposto na base Quinta.

OITAVA. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

8.1 Forma de presentación das solicitudes.

As solicitudes presentaranse debidamente cubertas, especificando a súa denominación concreta, o orzamento e o importe da subvención solicitada, obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

(<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

As ditas solicitudes deberán ser aprobadas mediante un acordo do órgano competente da entidade solicitante, que indique expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, achegándose este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

8.2 Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes de subvencións que se acollan a este programa será desde o día seguinte ao da publicación das bases e do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e ata o 29 de febreiro de 2024.

NOVENA. COMPROBACIÓN DE DATOS.

Para a tramitación dos procedementos consultaránse automaticamente os datos incluídos nas solicitudes:

- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- NIF da entidade solicitante.
- NIF da persoa representante.
- Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- Constitución legal da entidade solicitante e a data da inscrición no rexistro público correspondente, mediante consulta aos órganos competentes

No caso de que as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado na solicitude de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar a presentación dos documentos correspondentes.

DÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

As entidades solicitantes deberán presentar a solicitude normalizada, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, na que constan as seguintes declaracións responsables:

- Que a entidade solicitante non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da mesma actuación.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

- Que a entidade solicitante non incorre en ningunha causa de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta o total contido destas bases da convocatoria, e que asume o compromiso de cumprir as condicións da subvención.
- Que a entidade solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social e coa Deputación provincial.
- Que a entidade solicitante ten o domicilio social na provincia de Pontevedra
- Que a entidade solicitante está legalmente constituída e debidamente inscrita no rexistro público correspondente.
- Que a entidade solicitante posúe a titularidade ou ten o dereito de uso por calquera título válido sobre os terreos ou inmobles en que se vai desenvolver a actuación cuxa subvención se solicita cunha duración mínima de cinco anos (só para o caso de investimentos).
- Que as actuacións subvencionables se van realizar integramente no territorio da provincia de Pontevedra.
- Que a entidade solicitante se compromete a obter as autorizacións, licenzas e permisos preceptivos para a execución das actuacións obxecto da subvención.
- Que autoriza expresamente a Deputación de Pontevedra para solicitar tanta información resulte necesaria para a correcta comprobación e verificación da información subministrada e, en especial, para dar acceso de forma automática aos rexistros, bases de datos ou arquivos dixitais onde conste a información necesaria para efectuar as comprobacións, cando iso sexa posible.

Ademais, xunto coa devandita solicitude as entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa do nomeamento e vixencia do posto de secretario/a da entidade solicitante.
- Certificación expedida pola persoa que exerza o posto de secretario da asociación, no que se faga constar:
 - O acordo do órgano competente no que se acorde solicitar a subvención, coa indicación do importe e da denominación da actuación para a que se solicita a subvención.
 - Que se cumpren os requisitos e as obrigas sinalados nestas bases reguladoras.
 - O número de socios actualizado con data comprendida como máximo desde os tres meses anteriores á data de apertura da convocatoria.
 - O importe individualizado da totalidade das cotas que pagan anualmente os socios referidos á última anualidade vencida ou, no seu caso, xustificantes dos ingresos da última anualidade vencida ou documentos análogos que permitan a súa comprobación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HR3KBDY9D529WTY6



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

- Que os prezos unitarios que constan no orzamento están dentro dos límites máximos establecidos nas tarifas de referencia.
- Documentación acreditativa da titularidade ou da cesión do dereito de uso cunha duración mínima de cinco anos sobre os terreos ou inmobles en que se vai desenvolver a actuación.
- Documentación acreditativa da obtención das autorizacións, licenzas e permisos preceptivos para a realización da actuación subvencionable ou, no seu caso, de telos solicitado. En todo caso, a súa obtención deberá acreditarse, a máis tardar, no momento da xustificación final.
- Unha memoria valorada ou proxecto técnico, nos casos que resulte esixible, asinada electronicamente polo/a presidente/a da entidade solicitante e/ou os/as técnicos/as competentes, na que conste o seguinte contido mínimo:
 - Memoria explicativa na que se describa o obxecto das actuacións subvencionables, detallando en planos ou esquemas a localización das actuacións. A memoria recollerá os antecedentes e a situación previa á intervención para a que se solicita a subvención, as necesidades que se deben satisfacer e a xustificación da solución adoptada, e na que se detallen os factores de todo tipo que hai que ter en conta. Esta memoria tamén deberá conter todos os aspectos a valorar no apartado de xustificación da necesidade do proxecto e os obxectivos que se pretenden acadar, relacionado na base 6ª.1.d).
 - Planos de localización e fotografías, que evidencien a situación da infraestrutura sobre a que se vai intervenir antes da execución das actuacións subvencionables, de forma que se identifiquen as datas en que se tomaron as fotografías, os lugares e infraestruturas sobre as que se vai intervenir e o seu estado, que deberá corresponderse co estado previo á execución das actuacións subvencionables.
 - Non serán subvencionables aquelas actuacións nas que non existan evidencias gráficas ou os servizos técnicos provinciais non poidan comprobar materialmente o estado anterior á realización das actuacións subvencionables.
 - Un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos, coas súas características técnicas precisas, con expresión dos prezos unitarios de cada elemento, o número de unidades, e co IVE desagregado que sexa de aplicación, facendo mención, cando elo sexa posible, aos importes equivalentes dos prezos unitarios correspondentes das tarifas de referencia, publicadas no enlace <http://www.epseaga.com/?q=gl/node/8> e na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, agader.xunta.gal, en formato .bc3. En caso de que o IVE sexa deducible, deberá indicarse expresamente.

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

Calquera falsidade nos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida, ademais doutras medidas que para o caso poida arbitrar o organismo provincial.

Non se concederán subvencións se non figuran no expediente todos os formularios e os documentos preceptivos recollidos nestas bases. En caso de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base, ou de incumprimento do previsto no artigo 68 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada que emende as faltas ou omisións no prazo máximo de dez (10) días hábiles, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada lei. A falta de presentación da memoria valorada ou, no seu caso, do proxecto técnico non será considerado como un defecto emendable e operará como causa de exclusión.

A comprobación do contido dos proxectos realizarana os servizos técnicos provinciais.

Os anexos dispoñibles na Sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, non serán obxecto de manipulación ou emendas. Poderanse utilizar modelos propios de certificacións que deberán respectar o contido exacto recollido nestas bases.

DÉCIMO PRIMEIRA. NOTIFICACIÓNS.

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DÉCIMO SEGUNDA. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E EMENDA DESTAS.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

documentos preceptivos, e indícaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, previa resolución que será ditada nos termos do artigo 21.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outras). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para levar a cabo trámites sobre outros expedientes e presentalos electronicamente. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

CAPÍTULO III. EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONADAS POLOS BENEFICIARIOS.

DÉCIMO TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS.

As actuacións deberán estar executadas e xustificadas na súa totalidade o 30 de novembro de 2024.

Este prazo só poderá ser prorrogado, por un máximo de tres (3) meses, previa solicitude debidamente motivada da entidade beneficiaria naqueles casos en que se acredite o cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:

- A demora na obtención dos permisos, licenzas e autorizacións necesarias para a normal execución das actuacións subvencionables.
- A aparición de circunstancias sobrevidas ou imprevisibles non imputables á entidade beneficiaria e que dificulten a execución no prazo previsto inicialmente.

A estes efectos, a prórroga será acordada individualmente para cada entidade e deberá aprobarse polo órgano competente da Deputación con anterioridade ó vencemento do prazo inicial.

En atención ó anterior, a solicitude de prórroga deberá formalizarse antes do 15 de novembro de 2024. No caso de non estar aprobada a prórroga na data de vencemento dos prazos de execución e xustificación, considerarase denegada.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto deste plan e as actuacións realizadas cando o considere oportuno, así como formular as observacións que estime pertinentes.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

DÉCIMO CUARTA. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

As entidades beneficiarias, en conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigadas a cumprir o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), en particular:

- A destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.
- A realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.
- A someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, para o que achegarán canta información se lles requira no prazo que estableza a institución provincial. A estes efectos, en relación ó control financeiro, as entidades beneficiarias deberán cumprir o disposto no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, dispoñible no enlace: <https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2016/12/30/2016045874>.
- A destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un mínimo de cinco anos.
- A cumprir a normativa de subvencións e a demais normativa que sexa de aplicación.

As entidades beneficiarias deberán darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas. Para estes efectos deberán:

- En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, a entidade beneficiaria deberá recoñecer o apoio da Deputación de Pontevedra, de conformidade co Manual de imaxe corporativa específico desta axuda, dispoñible no portal institucional da Deputación de Pontevedra, incluída a imaxe institucional correspondente.
- Acreditar a publicidade, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria
- Colocar en lugar visible un cartel informativo, que facilitará a Deputación de Pontevedra, no que se indique que se trata dunha obra subvencionada pola institución provincial, o importe subvencionado e o logotipo da Deputación.
- Facerse cargo fisicamente dos carteis que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, un ano despois da comprobación material realizada pola Deputación.

Correspóndelle ao Departamento de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á imaxe institucional. Para estes efectos, en www.depo.gal atópanse os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.

DÉCIMO QUINTA. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

Todas as actuacións deberán estar xustificadas na data sinalada na base décimo terceira.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

A xustificación da subvención realizarase coa achega de xustificantes de gasto, certificacións, facturas e a demais documentación xustificativa, segundo o previsto nesta base. E en todo caso coa seguinte documentación:

- Memoria explicativa do investimento realizado e dos resultados obtidos, que inclúa unha reportaxe fotográfica, asinada electronicamente polo presidente ou pola presidenta da entidade beneficiaria ou por quen actúe en representación desta. A presentación das fotografías farase de forma que se identifiquen os lugares e o momento da execución á que correspondan (antes, durante e despois).
- Conta xustificativa dos gastos no modelo normalizado dispoñible no seguinte enlace (formulario 100.001): <https://www.depo.gal/es/descarga-de-documentos>, asinada electronicamente e debidamente cuberta, na cal se relacionarán as facturas ou documentos probatorios no tráfico mercantil e administrativo (identificaranse o proveedor, NIF, número de factura, concepto e importe) que xustifiquen a execución do proxecto que fundamentou a resolución de concesión. Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial. Non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.
- Facturas dos gastos realizados, que deberán detallar as unidades e os prezos unitarios. De non vir correctamente tipificado o gasto, as facturas non se admitirán a trámite, o que dará lugar á perda da subvención concedida.
- Acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación mediante fotografías do cartel publicitario, dossier de noticias de prensa ou outras accións de publicidade en redes, páxinas web e outros.
- Declaración de non ter percibido outras subvencións, ingresos ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración, ente público ou privado estatal ou internacional.
- Acreditación da obtención das autorizacións, permisos e licenzas pertinentes, no caso de non telos achegado con anterioridade.
- Acreditación de estar ao día nas obrigas que lles sexan de aplicación coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e a Deputación de Pontevedra.

As entidades beneficiarias estarán obrigadas ao pagamento dos gastos do proxecto subvencionado unha vez executados e, en todo caso, no prazo máximo dun mes desde a percepción do ingreso correspondente á subvención concedida.

A estes efectos, as entidades beneficiarias deberán achegar, no prazo máximo de dous meses desde a percepción do ingreso, o xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado. Non se admitirán pagamentos en efectivo nin mediante cheque bancario. No caso de non achegarse no prazo indicado este xustificante ou facelo de forma incompleta, requiriráselle para a súa correcta presentación no prazo de quince días.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HR3KBDY9D529WTY6



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

Este aspecto será obxecto de comprobación polo centro xestor, así como nas actuacións de control financeiro, constituíndo, en caso de incumprimento, causa de reintegro polo importe da factura pagada fóra de prazo.

A documentación xustificativa deberá cumprir as esixencias establecidas na normativa vixente en cada momento e de modo particular o disposto no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.

A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación axustarase ás normas segundo o indicado na base décimo cuarta sobre obrigas dos beneficiarios e nesta mesma base. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.

A Deputación poderá requirir ás entidades beneficiarias para que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da xustificación presentada e a comprobación da execución do proxecto subvencionado.

A documentación xustificativa será comprobada polos servizos de Cooperación e Intervención da institución provincial. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución dos investimentos por parte dos servizos técnicos da Deputación provincial, que verificarán as certificacións de obras e facturas remitidas. Esta comprobación material do investimento é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

En todo caso, a Deputación, en virtude das facultades que ten atribuídas, resérvase as facultades de inspección e comprobación das obras en calquera momento. A este fin, as entidades beneficiarias, a requirimento da Deputación, estarán obrigadas a comunicar as datas de inicio e fin das actuacións subvencionadas.

DÉCIMO SEXTA. PAGAMENTO.

Todas as actuacións deberán estar executadas na data sinalada na base décimo terceira e deberán xustificarse no prazo indicado nesa mesma base. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención. O pago ás entidades beneficiarias do importe da subvención realizarase á vista dos xustificantes de gasto, certificacións, facturas e demais documentación xustificativa, segundo o previsto nestas bases.

O pagamento das subvencións efectuarase previa comprobación por parte dos servizos de Cooperación e Intervención e dos servizos técnicos provinciais de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu a finalidade e o obxecto da subvención.

Unha vez realizados todos os trámites para efectuar as comprobacións oportunas, o órgano competente da Deputación ditará resolución na que se aprobará a xustificación e procederase a librar o pagamento da axuda, sen prexuízo do cumprimento da obriga de achegar, no prazo máximo de dous meses desde a percepción do ingreso, o xustificante bancario acreditativo do



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado, de conformidade co disposto na base décimo quinta.

DÉCIMO SÉTIMA. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN.

- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.3.l) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, previa solicitude suficientemente xustificada que se deberá presentar con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido.
- O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución a instancia do beneficiario, debendo cumprirse, en todo caso, os requisitos recolleitos no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- A modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión, nin se prexudiquen dereitos de terceiros e non deberá variarse o destino ou finalidade da subvención.
- No caso de que a execución do proxecto subvencionado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, o pago da subvención realizarase de acordo co custo real do proxecto executado e xustificado, ata o límite do importe concedido.

En ningún caso o menor custo de execución do proxecto subvencionado pode supoñer unha execución deficiente deste, e a entidade beneficiaria da subvención debe cumprir as condicións da concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se lle concedeu a axuda.

DÉCIMO OITAVA. COMPATIBILIDADE.

As subvencións que se concedan no marco destas bases son incompatibles con outras subvencións, ingresos ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración, ente público ou privado estatal ou internacional.

DÉCIMO NOVENA. PERDA DO DEREITO DE COBRO E/OU REINTEGRO.

Procederase ao reintegro e/ou perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, en conformidade con estas bases, nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.

Serán causas específicas de perda do dereito de cobro ou reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, ademais das xerais, as seguintes:

- O incumprimento da normativa de subvencións.
- O incumprimento das condicións e obrigas asumidas no outorgamento da subvención.
- O incumprimento dos obxectivos fixados no proxecto/memoria do investimento



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

- A realización das actuacións subvencionables sen dispoñer das autorizacións, licenzas e permisos preceptivos
- A falta de presentación en tempo e forma da documentación xustificativa ou a súa presentación incompleta
- A falta de pagamento dos xustificantes de gasto das actuacións subvencionadas no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos correspondentes coa subvención concedida.
- A falta de presentación nos prazos establecidos do xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado, de conformidade co disposto na base décimo quinta.

VIXÉSIMA. RECURSOS.

Contra o acordo de aprobación destas bases, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditase no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 123 e 124 da LPACAP), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, de acordo co disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

VIXÉSIMO SEGUNDA. PROTECCIÓN DE DATOS.

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable” dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal> e o consentimento das persoas interesadas.



Mércores, 20 de decembro de 2023

Núm. 243

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

ANEXOS DA CONVOCATORIA E MODELOS DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Todos os modelos normalizados para solicitar estas subvencións estarán dispoñibles na Sede electrónica da Deputación, <https://sede.depo.gal>

